

SEMINARIO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA

CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DO ALUMNADO

AVALIACIÓN ORDINARIA

Sistema de cualificación

Atenderase á progresión do alumno ao longo do curso. Haberá como mínimo unha proba global en cada avaliación na que se combinarán varios estándares de aprendizaxe. Nesta proba poderán combinarse preguntas teóricas e exercicios prácticos. A cualificación terá en conta a corrección e xusteza dos contidos e tamén a corrección e calidade da lingua empregada. Caso de haber dúas probas parciais ou máis por avaliación, estas farán media sempre e cando se teña unha nota igual ou superior ao 3.

A nota final na avaliación ordinaria de xuño establecerase sobre a media entre as tres avaliacións. Para obter o aprobado a media entre as tres avaliacións deberá ser igual ou superior a 5.

Requisitos indispensables para aprobar a materia

Para aprobar a materia de Lingua Galega e Literatura é indispensable cumprir cos requisitos que a continuación se relacionan. O incumprimento de calquera deles implicará un suspenso na materia:

Ter completo o caderno de clase, con todas as actividades propostas realizadas, así como a inclusión das posibles explicacións complementarias do profesor. Valoraranse aspectos como organización, limpeza, caligrafía ...

Ter unha cualificación final igual ou superior a cinco.

Ter superada a proba do libro de lectura obrigatorio.

Empregar como lingua vehicular de uso obrigatorio na aula o galego.

Criterios de corrección de faltas de ortografía:

Desconto por faltas.

Sobre a puntuación global do exame poderanse descontar ata un máximo de 2 puntos. Distinguirase entre :

Faltas leves (acento non diacrítico). Penalizaranse con 0'05

Faltas graves (acento diacrítico, b/v, h, y ...). Penalizaranse con 0'1

Faltas moi graves. Penalizaranse con 0'2. Considéranse faltas moi graves, entre outras:

-o emprego de tempos compostos

- o non mantemento da alternancia vocálica nos verbos
- o uso incorrecto do infinitivo conxugado
- a confusión de *te* e *che*
- a confusión de *lle* e *lles*
- a colocación incorrecta dos pronomes átonos
- o uso incorrecto do posesivo sen artigo
- o emprego do relativo quen en plural
- o emprego de plural en *-os* nos demostrativos
- a non contracción dalgunhas preposicións con certos pronomes
- o uso de algún posposto con valor negativo
- a formación incorrecta do plural dos substantivos rematados en *-l*
- a asignación incorrecta do xénero nalgúns substantivos
- o uso incorrecto da preposición *a* co complemento directo
- castelanismos léxicos ou gramaticais

Libros de lectura

En cada avaliación, os alumnos deberán ler un libro con carácter obrigatorio do que se fará unha proba de lectura. A nota do control de lectura será APTO/NON APTO. O/a alumno/a que non supere a proba de lectura non aprobará a avaliación. Cando un alumno/a teña a avaliación superada pero NON APTO o libro de lectura a nota da avaliación será un 4 e terá unha recuperación do libro de lectura obrigatoria na seguinte avaliación. En caso de non superar a recuperación do libro de lectura en ningunha das ocasións o alumno/a deberá acudir a unha proba extraordinaria no mes de xuño ou á convocatoria extraordinaria de setembro. Se suspende de novo o control de lectura do libro obrigatorio na convocatoria de setembro o/a alumno/a suspenderá a materia e deberá recuperala no curso seguinte.

Haberá, tamén, unha lectura optativa en cada unha das avaliacións. O libro de lectura voluntaria sumará, como máximo, 0'5p sobre a nota global da avaliación. Pode sumarse a un 4'5 para obter a avaliación positiva. Será necesario obter un 5 de nota media para superar a avaliación.

Exame oral

Poderá haber un exame oral cuxa cualificación será APTO/NON APTO. No caso de que se inclúa un exame oral, para aprobar a avaliación será condición indispensable a cualificación positiva nesta proba.

Recuperación de avaliación

O/a alumno/a que non supere a avaliación terá un exame de recuperación no seguinte trimestre. A cualificación desta recuperación será a que compute para facer a media entre avaliacións. Para os cursos de 1º e 2º de bacharelato establécese unha nota máxima de 6 puntos á hora de valorar o resultado dunha recuperación no cómputo global para a obtención da nota final do/a alumno/a. A nota dos libros de lectura (ata 0,5 por cada un) só conta para o exame convencional de avaliación, non para a recuperación. A nota da recuperación deberá ser igual ou superior a 5 e, de ser o caso, deberá superarse o control do libro de lectura obrigatorio.

Cando o/a alumno/a aprobado/a obteña de media en calquera avaliación unha cualificación decimal superior a 0,5 poderase redondear á alza, sempre que demostre interese pola materia, participación activa na clase e realizase os traballos propostos.

Cualificación final na avaliación ordinaria de xuño

A nota da avaliación ordinaria establecerase segundo a nota media entre as tres avaliacións, sempre que o alumno teña dúas avaliacións aprobadas cun 5 e a terceira cun 3 ou máis. O resultado da nota media deberá ser un 5 como mínimo para aprobar o curso.

Os/as alumnos/as que suspenden terán un exame final con todos os contidos, ou, se é o caso, do libro de lectura obrigatoria. A nota para aprobar será igualmente 5.

O alumnado que desexe subir a nota final de curso, baixo a súa responsabilidade, tamén se presentará ao exame final, sendo a súa cualificación final a que obteña nesta proba global.

Obviamente, a lingua vehicular e de uso obrigatorio na aula é o galego. O non emprego desta lingua será avaliado negativamente e provocará o suspenso na materia.

AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

Consistirá nunha proba global de toda a materia dada en xuño ou, se é o caso, en setembro. Esta proba incluírá o exame do(s) libro(s) de lectura obrigatoria para aqueles alumnos que o(s) tiveren suspensos. Para aprobar será necesario obter unha cualificación igual ou superior a 5 e, no seu caso, aprobar o(s) libro(s) de lectura. No caso dos libros de lectura obrigatoria pendentes, a non superación do control implica o suspenso na materia e a necesidade de a recuperar no curso seguinte.